ORDE do 28 de setembro de 2022 pola que se modifica a Orde do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos parques naturais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT819A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 186, 29-09-2022, Páx: 51720)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 21 de decembro de 2021.
Obxecto: Consultar a Orde do 21 de decembro de 2021, publicada o día 13 de xaneiro de 2022 no Diario Oficial de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022.
Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Prazo: Consultar a Orde do 21 de decembro de 2021.

ORDE do 21 de setembro de 2022 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de

recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022 (código de procedemento MT975J). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 187, 30-09-2022, Páx: 51916)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 1 de decembro de 2021.

Obxecto: Consultar a Orde do 1 de decembro de 2021.

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Consultar a Orde do 1 de decembro de 2021.

ORDE do 9 de setembro de 2022 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), convocadas pola Orde do 15 de decembro de 2021 **(Diario Oficial de Galicia, Num: 178, 19-09-2022, Páx: 48935)**

Destinatarios: As persoas físicas, xurídicas ou a pluralidade de persoas físicas que sexan peme do sector de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura.

Obxecto: Consultar a Orde do 15 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases.

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Prazo establecido na referida Orde do 15 de decembro de 2021 para a presentación de solicitudes.

ORDE do 9 de setembro de 2022 pola que se amplía o crédito existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 12 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido, en réxime de concorrencia non competitiva, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para a anualidade 2022 (códigos de procedemento IF319A e IF319B). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 182, 23-09-2022, Páx: 49488)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 12 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, publicada no DOG o día 15 de xullo de 2022.

Obxecto: Consultar a Orde do 12 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, publicada no DOG O día 15 de xullo de 2022.

Convoca: Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Prazo: Consultar a Orde do 12 de xullo de 2022.

RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2022, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións para investimentos en ecoinnovación e dixitalización da industria forestal-madeira e outras

industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, financiadas ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19 (códigos de procedemento IN500C e IN500D). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 166, 01-09-2022, Páx: 46770)**

Destinatarios: Consultar o Artigo 2. Persoas beneficiarias- das bases reguladoras.
Obxecto: Contribuír a fomentar a modernización e a dixitalización do sector forestal-madeira e impulsar o ecodeseño e a economía circular.
Convoca: Axencia Galega da Industria Forestal
Prazo: Ata o 31 de outubro de 2022

RESOLUCIÓN do 31 de agosto de 2022 pola que se modifican a Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento da participación galega no Programa marco de investigación e innovación da Unión Europea, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e a Resolución do 23 de abril de 2020 pola que se convocan as ditas axudas para o ano 2020. **(Diario Oficial de Galicia, Num: 169, 06-09-2022, Páx: 47483)**

Destinatarios: Consultar a Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a Resolución do 23 de abril de 2020 pola que se convocan as ditas axudas para o ano 2020.
Obxecto: Consultar a Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a Resolución do 23 de abril de 2020 pola que se convocan as ditas axudas para o ano 2020.
Convoca: Axencia Galega de Innovación
Prazo: Non se modifica o prazo.

ORDE do 9 de setembro de 2022 pola que se modifica a Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MT809D). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 177, 16-09-2022, Páx: 48785)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras , publicada o día 20 de xaneiro de 2022 no Diario Oficial de Galicia.
Obxecto: Consultar a Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras , publicada o día 20 de xaneiro de 2022 no Diario Oficial de Galicia.
Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Prazo: Consultar a Orde do 23 de decembro de 2021

CONVOCATORIAS

RESOLUCIÓN do 23 de agosto de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301D). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 170, 07-09-2022, Páx: 47681)**

Destinatarios: Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de saneamento cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordes co establecido no Real decreto 1065/2021, do 30 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2021.
Obxecto: Bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento AU301D).
Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

RESOLUCIÓN do 21 de setembro de 2022 sobre ampliación do prazo establecido no artigo 23 da Resolución do 27 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de biomasa destinadas a particulares, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2022 (Diario Oficial de Galicia número 11, do 18 de xaneiro). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 186, 29-09-2022, Páx: 51748)**

Destinatarios: Consultar a Resolución do 27 de decembro de 2021.
Obxecto: Consultar a Resolución do 27 de decembro de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 11, do 18 de xaneiro de 2022, establece as bases reguladoras.
Convoca: Axencia Instituto Enerxético de Galicia

Prazo: O prazo de execución das instalacións amplíase ata o 31 de outubro de 2022.

RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publican os concellos, as persoas físicas e as entidades (asociacións e comunidades de montes veciñais en man común) beneficiarios das subvencións concedidas en virtude da Orde do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos na Rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de

desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. **(Diario Oficial de Galicia, Num: 174, 13-09-2022, Páx: 48369)**

Destinatarios: Consultar Anexo I, II e III.

Obxecto: Consultar Orde do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023.

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Consultar Orde do 21 de decembro de 2021

RESOLUCIÓN do 6 de setembro de 2022 pola que se amplía o prazo de solicitude e o de execución e xustificación dos investimentos establecidos na Resolución do 25 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2022 (códigos de procedemento IN421T e IN421U). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 179, 20-09-2022, Páx: 49107)**

Destinatarios: Consultar a Resolución do 25 de novembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 235, do 9 de decembro de 2021.

Obxecto: Consultar a Resolución do 25 de novembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións.

Convoca: Instituto Enerxético de Galicia

Prazo: Consultar a Resolución do 25 de novembro

RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2022 pola que se modifica a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 175, 14-09-2022, Páx: 48567)**

Destinatarios: Consultar a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada o 19 de xullo de 2021 no Diario Oficial de Galicia.

Obxecto: Consultar a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras, publicada o 19 de xullo de 2021 no Diario Oficial de Galicia.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Consultar a Resolución do 5 de xullo de 2021

Estatal

Orde CIN/894/2022, do 12 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para incentivar a consolidación investigadora, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. **(Boletín Oficial del Estado, Num: 223, 16-09-2022, Páx: 127980)**

Destinatarios: Organismos de investigación e de difusión de coñecementos de acordo coa definición establecida no anexo desta orde.
Obxecto: A presente orde ministerial ten como obxecto aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas para incentivar a consolidación investigadora, incluídas no Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e Reter Talento, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Prazo: Consultar normativa

Extracto da Resolución do 14 de setembro de 2022, do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se establece a segunda convocatoria do programa de incentivos a proxectos singulares en mobilidade eléctrica (MOVES Proxectos Singulares II) **(Boletín Oficial del Estado, Num: 230, 24-09-2022, Páx: 45006)**

Destinatarios: -Todo tipo de empresas con personalidade xurídica propia (Micro, Pequena, Mediana e Gran Empresa).
-Universidades e centros privados de investigación e desenvolvemento, con personalidade xurídica propia.
-Consorcios e agrupacións empresariais con ou sen personalidade xurídica propia. En caso de non contar con personalidade xurídica propia, a axuda concederase á entidade ou persoa xurídica que xestione a agrupación ou consorcio.
-O sector publico institucional, a que se refire o artigo 2.2 da Lei 40/ 2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e as entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das Administracións Públicas e as Universidades Publicas e os seus centros adscritos con personalidade xurídica propia.
Obxecto: Concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos singulares de mobilidade eléctrica, segundo definición incluída no apartado 3 do artigo 2 das bases reguladoras do Programa MOVES Proxectos Singulares II.
Convoca: IDAE - Instituto para a Diversificación Aforro da Enerxía.

Prazo: Desde as 9:00 h do día 3/10/2022 ata as 14:00 horas do día 3/11/2022.

Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións

(2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. **(Boletín Oficial del Estado, Num: 235, 30-09-2022, Páx: 134623)**

Destinatarios: Consultar Artigo 6: Persoas ou entidades beneficiarias.

Obxecto: O programa de axudas descrito nestas bases ten por obxecto subvencionar aqueles proxectos que contribúan á consecución de obxectivos específicos, vinculados aos obxectivos xerais do Compoñente 5, Investimento 1 (C5.I1) «Materialización de actuacións de depuración, saneamento, eficiencia, aforro, reutilización e seguridade de infraestruturas (DSEAR)», do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico

Prazo: Noventa (90) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria.

Resolución do 22 de setembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de setembro de 2022, polo que se amplía o prazo de publicación de convocatorias autonómicas previsto no Acordo do 29 de marzo de 2022, sobre repartición territorial de crédito correspondente ao orzamento de 2022, Liña de Financiamento para Proxectos de Eficiencia Enerxética de Empresas Turísticas, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. **(Boletín Oficial del Estado, Num: 235, 30-09-2022, Páx: 134622)**

Destinatarios: Consultar a Resolución do 31 de marzo de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 29 de marzo de 2022.

Obxecto: Consultar a Resolución do 31 de marzo de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 29 de marzo de 2022.

Convoca: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Prazo: Consultar a Resolución do 31 de marzo de 2022

Internacional

Chamada Eureka España - Turquía 2022

Destinatarios: Consultar bases

Obxecto: Recibir proxectos de I+D, lanzada desde o programa internacional Eureka, centrada no impulso e activación de proxectos de colaboración entre entidades de España e Turquía.

A temática dos proxectos é aberta e os desenvolvementos situados entre TRL 3 e TRL 7, poderán centrarse en calquera tecnoloxía e sector de aplicación.

Convoca: CDTI e o TUBITAK

Prazo: Antes do 3 de novembro de 2022

EMPREGO PÚBLICO

Galicia

ANUNCIO polo que se fai pública a apertura do prazo de actualización de méritos e/ou incorporación de novos candidatos e candidatas a diversas categorías profesionais do sistema de listas previas para a selección de persoal temporal.

Destinatarios: A información relativa a este anuncio está exposta na sede da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), sita no polígono industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela, e na páxina web de Seaga (www.epseaga.com).
Obxecto: A información relativa a este anuncio está exposta na sede da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), sita no polígono industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela, e na páxina web de Seaga (www.epseaga.com).
Convoca: Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)

Prazo: www.epseaga.com

PREMIOS

Estatal

Premio Conama á Sustentabilidade de Pequenos e Medianos Municipios

Destinatarios: Todas as entidades locais de España (concellos, entidades supramunicipais e entidades sen ánimo de lucro) que conten con número de identificación fiscal.
Obxecto: O Premio Conama á Sustentabilidade de Pequenos e Medianos Municipios, recoñece aqueles proxectos, postos en marcha ou finalizados completamente, que estean relacionados co medio ambiente, desenvolvemento sostible e/o o reto demográfico que contemplen algunha das seguintes temáticas:
-Auga, residuos e calidade ambiental.
-Conservación e xestión forestal.
-Sector agroalimentario.
-Economía e emprego verde e/o azul.
-Enerxía e cambio climático.
-Infraestruturas e mobilidade.
-Sociedade, igualdade e participación
Convoca: Fundación Conama

Prazo: Ata o 14 de outubro de 2022.

XXIII edición dos Premios Ecovidrio

Destinatarios: Poderá concorrer toda persoa física maior de idade ou xurídica, equipo de medio de comunicación ou programa de calquera nacionalidade, que publique ou emita, entre o 1 de setembro de 2021 e o 1 de xullo de 2022, en medios dixitais, audiovisuais ou impresos españois, un traballo (artigo, reportaxe, vídeo, infografías, fotografías, etc) centrado

no medio ambiente, a sostibilidade, a economía circular ou a reciclaxe en xeral.
Obxecto: Promover e recoñecer o labor ambiental de personalidades, entidades, proxectos e pezas informativas do noso país.
Convoca: Ecovidrio
Prazo: Ata o 18 de outubro de 2022

II edición do Concurso "Trátame ben"

Destinatarios: Concurso escolar de panxoliñas: todos os colexios públicos, privados ou concertados españois ata quinto de primaria, así como todo o alumnado dos centros de educación especial.
Obxecto: Compoñer unha panxoliña para axudar a salvar ás abellas é a proposta da segunda edición do concurso "Trátame ben", co que os seus impulsores buscan concienciar á comunidade educativa sobre o papel fundamental que desempeñan estes insectos polinizadores na alimentación e os riscos que conleva o seu declive e desaparición.
Convoca: Fundación Amigos de las Abejas e Jijona Turrones Picó
Prazo: Ata o 31 de outubro

Concurso de Ecodiseño Conama 2022

Destinatarios: Empresas e autónomos que queiran presentar proxectos propios que teñan como obxectivo principal o ecodiseño de produtos, de servizos ou de modelos de negocio coas consideracións necesarias para reducir o impacto ambiental no seu ciclo de vida.
Obxecto: Hai dúas categorías: por unha banda, Proxectos desenvolvidos por Gran Empresa e, polo outro, Pemes e Autónomos.
Convoca: Fundación Conama
Prazo: Ata o 17 de outubro de 2022

CONGRESOS

Estatal

Conama 2022

Contido: XVI Congreso Nacional do Medio Ambiente Conama presenta a súa programación para esta edición 2022.
Obxectivo: impulsar unha reflexión sobre como levar a cabo a transición ecolóxica, afrontando os obxectivos de sustentabilidade da axenda global para 2030 e 2050, estudando a situación na que se atopa España para alcanzalos.
Lugar: Madrid
Organizador: Fundación Conama
Data de inicio: 21-11-2022
Data de fin: 24-11-2022

13º Congreso Nacional de Reciclaxe do Papel - REPACAR

Contido: Baixo o lema "Recuperamos residuos. Producimos recursos", un ano máis se reúne todo o sector da recuperación e reciclaxe de papel e cartón, tanto xestores, como fabricantes, produtores, provedores, así como a representantes da administración pública. Analizarase o presente e futuro do mercado global de papel recuperado, a afección para as empresas do sector dos novos desenvolvementos normativos, así como os retos e desafíos aos que se enfrontan.
Lugar: Madrid
Organizador: Asociación Española de Recicladores Recuperadores de Papel e Cartón
Data de inicio: 03-10-2022
Data de fin: 03-10-2022

VI edición do Congreso Nacional de Ecoturismo

Contido: Apostará pola promoción do sector en todas as comunidades autónomas coas súas empresas implicadas na neutralidade en carbono.
Este congreso organízase cada ano nunha comarca diferente, sempre en destinos adheridos ao Club Español de Ecoturismo, que na actualidade é o número 27, co obxectivo de reivindicar a actividade ecoturística: aquela que se desenvolve nos espazos naturais e que contribúe á súa conservación.
Lugar: Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo (A Coruña)
Organizador: Deputación da Coruña, Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Asociación Ecoturismo en España
Inscrición: Apertura de preinscricións: 12 de setembro de 2022
Data de inicio: 18-10-2022
Data de fin: 20-10-2022

XVIII Congreso Anual de Coxeración

Contido: Baixo o lema Coxeración, inversión eficiente para liderar a descarbonización industrial.

Debateranse as últimas tendencias do mundo da enerxía coa presenza de expertos líderes no sector a nivel nacional e europeo.
Lugar: Madrid e online
Organizador: ACOGEN e COGEN España
Data de inicio: 04-10-2022
Data de fin: 04-10-2022

Internacional

Congreso Internacional "Das smart cities ás cidades integradoras: propostas para unha gobernanza global desde o local"

Contido: Abordando temas como conceptos crave e fundamentos xurídicos da cidade: Smart Cities e lexislación local, Axendas Urbanas, o papel das cidades na gobernanza global, migracións e cidades integradoras, a proxección das Smart Cities no sector, experiencias prácticas e comparativas sobre Smart Cidades.
Lugar: Huelva
Organizador: Universidad de Huelva
Inscrición: Envío de comunicacións ata o 20/09/2022
Data de inicio: 20-10-2022
Data de fin: 21-10-2022

Big Science Business Forum 2022 - BSBF2022

Contido: Trátase dunha oportunidade única para a industria española para coñecer de primeira man as oportunidades de negocio que ofrecen todas estas infraestruturas científicas.
Lugar: Granada
Organizador: CDTI Innovación
Data de inicio: 04-10-2022
Data de fin: 07-10-2022

12 Congreso Internacional AEC

Contido: - Modelos e escenarios climáticos
- Variabilidade, extremos e riscos climáticos
- Océanos e sistemas naturais
- Clima, saúde, economía e sociedade.
Lugar: Santiago de Compostela
Organizador: AEC. Universidad De Santiago de Compostela e Universidad de Vigo.
Data de inicio: 19-10-2022
Data de fin: 21-10-2022

CURSOS

Galicia

Curso Online Avanzado de Interpretación do Patrimonio: Deseño de Visitas Guiadas Interpretativas

Contido: Adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para que exista unha comunicación temática, organizada, relevante e amena co público que visita os espazos con valor patrimonial no seu tempo de ocio, fomentando neles o desenvolvemento de actitudes de aprecio e custodia polo patrimonio presentado.

Lugar: Online

Organizador: CEIDA

Inscrición: Cubrir formulario

Data de inicio: 18-10-2022

Data de fin: 18-11-2022

Estatal

XXII edición do curso sobre deseño e instalación de tubaxes

Contido: Para transporte de auga en todos os posibles usos do ámbito da obra civil, entre os que destacan o abastecemento e saneamento, os regadíos, a reutilización ou as drenaxes.
O formato do curso é “on line”, con xornadas os luns do mes de novembro.

Lugar: Online

Organizador: Universidade Politécnica de Madrid

Inscrición: Cubrir formulario

Data de inicio: 07-11-2022

Data de fin: 28-11-2022

SEMINARIOS

Internacional

En camiño á COP 27: serie de webinars da UNESCO

Contido: UNESCO-UNFCCC organiza unha serie de oito seminarios web Educación sobre o cambio climático para a transformación social: En camiño cara á COP27, co obxectivo de facer máis ecolóxicas todas as políticas educativas e os plans de estudo para que estean preparados para o clima.
Cada evento, que se celebrará o último martes de cada mes ata novembro , analizará o papel fundamental da educación sobre o cambio climático e como aproveitar o seu poder transformador para a COP27 que levará a cabo en Sharm O-Sheikh, Egipto, do 7 ao 18 de novembro de 2022.

Lugar: En liña

Organizador: UNESCO-UNFCCC

Data de fin: 29-11-2022

Changemaker sessions: how to enable a just transition

Contido: Como podemos abordar simultaneamente a crise climática e a crise social, que está marcada por niveis récord de desigualdade e desconfianza. Un compromiso tanto coa

sustentabilidade ambiental como coa prosperidade compartida significa abandonar patróns económicos que fallan ás persoas e ao planeta, pero tamén se traduce en negocios máis sostibles.
Lugar: En liña
Organizador: Academia do Pacto Mundial das Nacións Unidas
Data de inicio: 27-10-2022
Data de fin: 27-10-2022

Changemaker Series: driving SDG innovation

Contido: A importancia de incluír as voces das xeracións máis novas na toma de decisións e como acelerar a innovación empresarial cara aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU.
Lugar: En liña
Organizador: UN Global Compact Academy
Data de inicio: 22-11-2022
Data de fin: 22-11-2022

XORNADAS

Galicia

Xornada "Ecoturismo e Reservas de Biosfera"

Contido: -Poñer en valor a contribución das Reservas de Biosfera como motor de desenvolvemento rexional do territorio.
-Analizar o papel da innovación e a sostibilidade nas Reservas de Biosfera.
Lugar: Oleiros e Online.
Organizador: CEIDA e Deputación da Coruña
Data de inicio: 06-10-2022
Data de fin: 07-10-2022

Fanny Garrido: IV Xornada Mulleres Relevantes da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Contido: Promover o coñecemento das figuras femininas relevantes do territorio.
Poñer en valor o patrimonio cultural e histórico da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
Lugar: Sala de Conferencias do Pazo de Lóngora (Liáns, Oleiros).
Organizador: CEIDA
Data de inicio: 06-10-2022
Data de fin: 06-10-2022

Estatal

Webinar "A reforma do mercado eléctrico"

Contido: O mercado eléctrico e a súa posible reforma: como afecta o seu deseño ás necesidades de investimento, como se integran os mercados eléctricos europeos ou a necesidade dunha intervención ante a crise actual.
Lugar: Online
Organizador: Fundación Naturgy
Data de inicio: 04-10-2022
Data de fin: 04-10-2022

OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia

Ecomenú Literario: lectura en voz alta para saborear a natureza: Día Mundial das Aves

Contido: Este mes de outubro conmemórase o Día Mundial das Aves. Por este motivo, a biblioteca e centro de documentación ambiental do CEIDA convoca unha nova edición do seu Ecomenú Literario, nesta ocasión centrado na temática das aves.
O ecomenú literario é un espazo para a lectura en voz alta, o diálogo e a reflexión colectiva.
Lugar: Xardín do Pazo de Lóngora, actual sede do Centro de Documentación
Organizador: CEIDA
Inscrición: Cubrir formulario
Data de inicio: 08-10-2022
Data de fin: 08-10-2022

Estatal

Máster en Espazos Naturais Protexidos 2023

Contido: Dirixido a quenes desenvolvan ou busquen desenvolver a súa actividade profesional no ámbito da conservación da natureza, tanto xestores e técnicos que queiran completar a súa formación específica, como mozos titulados interesados en traballar neste campo.
Organizador: Tres universidades españolas, Fundación Fernando González Bernáldez e EUROPARC-España
Inscrición: Inscrición aberta ata o 31 de outubro de 2022

Planificación do uso público en espazos naturais protexidos

Contido: -Afondar no concepto de uso público como ferramenta de conservación e xestión dos espazos naturais protexidos.
-Establecer a estrutura e o contido dos plans de uso público.
-Definir os criterios básicos para abordar a planificación do uso público.
-Desenvolver os diferentes programas que conforman o Plan de Uso Público: educación ambiental, interpretación, comunicación, participación...
-Analizar diferentes sistemas de calidade asociados ao uso público en espazos protexidos: Carta Europea de Turismo Sostible, Q de Calidade, Marca Natural.

Lugar: Online
Organizador: Casa Encendida de Fundación Montemadrid coa colaboración de EUROPARC-España
Inscrición: Ata o 15 de novembro
Data de inicio: 22-11-2022
Data de fin: 01-12-2022

Programa de Educación Ambiental "Para unha Transición Ecolóxica"

Contido: Co apoio da Deputación da Coruña, o CEIDA continúa este curso 2022/2023 co programa de educación ambiental dirixido a centros educativos "Para unha Transición Ecolóxica", centrado en 3 temáticas fundamentais e cuxas actividades son completamente gratuitas para todos os centros de ensino:
-Emerxencia climática
-Lixo mariño
-Espazos naturais protexidos
Organizador: CEIDA
Inscrición: Información: no tf. 981630618 (de 8 a 15 h.) ou no correo-e educacion@ceida.org

Unión europea

Foro de Inversión do Pacto dos Alcaldes 2022

Contido: A conferencia incluirá sesións plenarias con representantes de alto nivel da Comisión Europea, as cidades e a comunidade investidora. Presentaranse iniciativas pioneiras que impulsen o cambio a nivel local, como plans e estratexias sostibles para a transición enerxética, financiamento da eficiencia enerxética no sector público e privado e investimentos en rehabilitación de vivendas.
Lugar: Bruselas
Organizador: Comisión Europea e CINEA, en colaboración co Pacto dos Alcaldes
Data de inicio: 18-10-2022
Data de fin: 18-10-2022

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

20 anos de Seminarios de Documentación Ambiental e Espazos Naturais Protexidos - RECIDA

Resumo do Informe Climatolóxico do Verán 2022 - MeteoGalicia

Guía de Boas Prácticas para a Integración Paisaxística das Redes de Abastecemento de Auga Potable - IET, Xunta de Galicia

Informe Climatolóxico Mes de Agosto 2022 - MeteoGalicia

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Volta ao cole coa Regra dos 3R - SOGAMA

Informe "Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro dos vehículos pesados en Europa" - EEA

Novidades bibliográficas CEIDA - Agosto 2022

Plásticos na agricultura: un desafío ambiental - UN

O estado do financiamento global da calidade do aire 2022

Novidades bibliográficas CENEAM - Setembro 2022

Aproveitar a natureza para xerar resiliencia climática: ampliar o uso da adaptación baseada en ecosistemas - UN

Informe "Carbono do solo" - EEA

METEOEDUCA - MEDiNa, a divulgación preto de ti - AEMET

ODS Ano 7. Innovación para lograr a Axenda 2030: novos modelos de negocio sustentables - Pacto Mundial Rede Española

Harnessing Nature to Build Climate Resilience: Scaling Up the Use of Ecosystem-based Adaptation. UNEP

BIBLIOGRAFÍA

Produtores-Consumidores de enerxía en Europa – Participación cidadá na transición enerxética - EEA

BOLETÍN DE INFORMACIÓN AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA